

CICLO DE CINE ■ A segunda das xornadas de Sine Nómíne céntrase hoxe no tema 'Crer e razoar' e contará coa intervención de Marilar Aleixandre

'A ciencia en dúbida', un novo título para os 'exercicios laicos'

'A ciencia en dúbida' é o título da segunda cita do ciclo de cine que organizan a asociación Sine Nómíne e Nova Escola Galega. Dedicado este ano, en cuarta edición, á laicidade na educación, e baixo o título de 'Exercicios laicos', convocan o profesorado galego para ofrecerlle, a través de proxeccións de cine documental e histórico, unha ferramenta de aprendizaxe dinámica e aberta para tratar na aula a historia do presente cunha perspectiva crítica.

O laicismo é, pois, o fio conductor desta cuarta edición, que congrega arredor de 200 persoas. "Des-

de a sociedade civil e laica queremos debater a presenza da relixión na escola. Non negamos o dereito da Igrexa a dar a súa opinión, pero cuestionamos a presenza da relixión confesional nas aulas e queremos que saia do currículo. Na escola, a educación; a catequese, na parroquia", indicou Mercedes González na presentación das xornadas didácticas.

E é que este ciclo é a culminación da protesta iniciada en abril do 2008 contra o novo decreto de bacharelato, cun manifesto asinado por 1.000 persoas contra a "pre-

senza dunha materia como relixión confesional" que "condiciona e obstaculiza a planificación do tempo lectivo". Así, denuncian que esta materia en 2º de bacharelato implica unha hora menos de Historia e en 1º de Bacharelato supón menos horas para Educación Física, Filosofía e Cidadanía.

Os ciclos organízanse arredor da proxección dun documental, tras o que un relator abre o debate. "Son nomes de primeiro nivel en cada tema", asegura González. Hoxe o tema de debate será 'Crer e razoar', e xirará ó redor da proxección do

documental *La ciencia en duda*, da BBC-Discovery Channel, do ano 2006.

A Catedrática de Didáctica das ciencias da Universidad de Santiago de compostela, Marilar Aleixandre impartirá unha conferencia e a seguir Antom Nieno, profesor de filosofía do colectivo Sine Nomine, introducirá o debate ao redor do tema proposto para hoxe. O lugar de convocatoria é o salón de actos da facultade compostelá de Ciencias Políticas, no campus sur, ás seis.

A primeira xornada, o día 21 deste mes, arrincou coa proxección de *Madrid se divorcia*, un documental sobre a problemática do divorcio, a familia e a influencia da Igrexa na 2ª República. "Foi un material moi difícil de conseguir, é do ano 1933, tivémoslo que pedir á Filmoteca Nacional", explicou Sine Nomine. Máis información e material audiovisual en www.blogoteca.com/sinenomine. ● REDACCIÓN

Clausúranse o xoves 19

A vindeira cita será o vindeiro xoves, cinco de febreiro, coa proxección da cinta '¿Quen teme a educación para a cidadanía?', unha reportaxe da canle de televisión Cuatro. Ademais, a terceira xornada contará coa conferencia de José Tamayo, profesor da Universidade Carlos III de Madrid. O 12 de febreiro poderase ver 'Jesus Camp' (2006) de Heidi Ewing, con charla a cargo de Henri Peña-Ruiz, do Institut d'Etudes Politiques de París. Finalmente, o 19 proxectarase 'El celuloide oculto' (1995) de Robert Epstein, con relatorio a cargo de Nanina Santos, da revista Andaina. Será no salón de actos da Facultade de Políticas da USC.